



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Guerra e paz

Benqueridos lectores, lectoras, grazas por vos achegar unha vez máis a estas páxinas de *Encrucillada*. Imaxínovos homes e mulleres de ben, metidas de cheo, con fastío e esperanza a un tempo, nesta estrambótica realidade que nos toca vivir, e non por casualidade, senón polo concerto compartido de tantas valoracións e decisións, que uns e outros, xente de a pé e xente de a caballo, imos tomando cada día.

O de estrambótica véuseme á cabeza sobre todo vendo que en realidade, se o pensamos e o ordenamos ben, somos unha sociedade galega, española, europea, mundial con capacidades e recursos de sobra para termos unha vida digna e unha convivencia pacífica. Pero parece que o «perello» (así

lle din por terras de Chantada a ese díaño ou demo menor que gusta de xogar coa xente e cos seus destinos) se nos meteu no corpo e folgámonos desartellando posibilidades e enredando as cousas ata o ridículo, co aquel, claro, de que ese ridículo para moita, moita, xente, convértese non en xoldas e foliadas senón en carencias básicas, fragilidade e morte. A parodia representámola entre todos en escenarios diversos, desde os pequenos concellos ao parlamento nacional, desde os enfrontamentos de bandas rivais nas rúas ata as guerras por credos e lindeiros na «atrasada» África e na evolucionada Europa (hoxe mesmo, cando enceto a escrita deste Crónica, Rusia invade Ucraína!). E todo isto por obra e graza, dun xeito ou doutro, de ansias de acumulación, fama e poder, a eterna

tríade diabólica coa que na Coresma un ano máis somos invitados a nos medir.

Ai, o sentidiño!, din moitos. Ai, o Evanxeo!, engadimos tamén algúns.

O papa Francisco, na véspera da invasión de Ucraína por parte de Rusia, invitounos a unha xornada especial de oración e xaxún pola paz para o mércores de cinza, o 2 de marzo. Logo visitaría, sen ser chamado, a embaixada rusa en Roma e ofreceríase para mediar nunhas conversas de paz entre as dúas nacións enfrontadas. E o mesmo día da invasión, 24 de febreiro, Cáritas internacional publicou unha nota de prensa doéndose do acontecido, clamando pola paz e demandando liberdade de movemento e acción para garantir o acceso á axuda humanitaria, pois dáse por feito que unha cantidade enorme de persoas sufrirán penurias e o número de desprazados contarase por miles ou millóns. Cáritas española, implicada no país xa desde 2010, abriu unha campaña de emerxencia, para canalizar a solidariedade das donantes españolas. Todo cumprirá por

desgraza! E a solidariedade con Ucraína medra día a día.

2.- «75 anos de amor polos demais»

Non todo, emporiso, é absurdo. Nin fóra nin dentro da Igrexa. Aquí, na casa, durante este ano, Cáritas celebrou o 75 aniversario da súa fundación, aló polos tetricos anos da posguerra, 1947, co lema co que titulamos esta apartado. Choveu desde aquela! E desde aquela foi tamén medrando en conciencia e servizo esta institución eclesial que decidiu loitar contra a pobreza, polo desenvolvemento integral das persoas, sobre todo das máis pobres e excluídas, tanto dentro como fóra do país.

Cáritas inaugurou esta efeméride coas XVIII Xornadas de Teoloxía da Caridade (Málaga, 18-22 febreiro). As 140 persoas participantes analizaron a importancia da cultura, dos coidados para superar a indiferenza, o rexeitamento e a confrontación, tan da man nas nosas relacións sociais; o papel da Igrexa e de Cáritas na sociedade dos coidados, e tamén compartiron a rica experiencia

dos coidados coa xente vulnerable que acompañan.

Manuel Bretón, actual presidente, e quen con el gobernan esta institución, teñen moi claro que todo o que hoxe é Cáritas débese ás persoas que a botaron a andar, aos bispos que termaron da iniciativa, ás persoas que foron asumindo diferentes responsabilidades, ás traballadoras e ao voluntariado, ás persoas ou grupos doadores, ás diferentes administracións públicas, que non deixaron de colaborar, e moi especialmente ás persoas e ás familias concretas que se fiaron deses servizos e deles aproveitaron para poder vivir con algo máis de dignidade. Cáritas, como tamén Mans Unidas, son un orgullo da Igrexa en Galicia, en España. Ninguén dubida que o seu ascendente orzamento –386 millóns de euros en 2020– vai parar a onde ten que ir parar: aos petos e aos fogares da xente máis fráxil e excluída.

3.- VIII informe da Cáritas-FOESSA

Dentro da actuación de Cáritas que vimos de comentar, cómpre subliñar dúas pautas

de acción que foron collendo especial densidade na organización: os retos máis globais en perspectiva e acción, e a análise da realidade social. Neste senso son xa unha referencia imprescindible os sucesivos informes de Cáritas-FOESSA, que periodicamente ofrecen unha visión obxectiva da realidade do noso país, con seriedade, por riba dos requilorios políticos do momento, poñéndolle a cada situación o nome que lle hai que poñer.

Este último informe, xa o VIII, presentado o 18 de xaneiro pasado, analiza a «Evolución da cohesión social e as consecuencias da Covid-19 en España». Non sabemos se é o único, pero podemos presentalo como o máis amplo e serio de cantos se teñan feito e publicado. Unha mágoa que non teña o eco social que merece. Os nosos políticos podían ter como estudo de referencia, entre outros, para facer debate e propostas, porque poñen á luz do día realidades ben preocupantes, pero penosamente a dialéctica política móvese cada vez máis en termos simplistas dominados pola descualificación e case o absurdo. As

eleccións de Castela-León e o enredo Casado-Ayuso foron por esas datas unha boa mostra diso.

E o amplo informe de máis de 600 páxinas, presentado pola secretaria xeral de Cáritas, Natalia Peiro, e polo coordinador do Equipo de Estudos de Cáritas e secretario técnico de FOESSA, Raúl Flores, vén confirmar o xa sospeitado, que «a cohesión social no noso país sufriu un *shock* sen precedentes como consecuencia da tensión que sufriu a actividade económica e o emprego a causa da irrupción do SARS COV-2». E ese *shock* mídese en magoantes evidencias concretas, como que hai 600 mil familias nas que todos os membros están en paro e non reciben ingreso periódico ningún; ou que a exclusión social medrou máis do dobre nos fogares nos que a sustentadora principal era unha muller; que a diferenza entre a poboación con máis e menos ingresos aumentou en máis dun 25 %; que hai 2,7 millóns de mozos/as entre 16-34 anos afectadas por procesos de exclusión social intensa; que a exclusión social en fogares de inmigrantes é tres veces maior

ca en fogares españois; que tres de cada dez familias víronse na obriga de reducir os gastos normais en alimentación, roupa ou calzado; que as taxas máis elevadas de exclusión social danse no sur e no leste do país, e en Canarias...

O paro vaise reducindo considerablemente; as condicións da contratación laboral melloraron un pouco; os salarios medraron un chisquiño, as expectativas parecen ser boas, pero moito sospeitamos que a guerra en Ucraína e as súas inevitables incidencias no taboleiro social e económico internacional incidan moi negativamente no progreso desta necesaria cohesión. Oxalá non sexa así. Oxalá!

4.- Pola regulación extraordinaria de persoas inmigrantes

Todo se debeu a unha iniciativa promovida pola Fundación para a Cidadanía Global e polo Partido por un Mundo máis Xusto (partido político que se vén presentando ás eleccións), á que se sumaron un número considerable de organizacións do ámbito civil e eclesial. O 23 de decembro, o Congreso do

Estado aprobou o texto presentado no que se solicitaba unha regulación extraordinaria de persoas inmigrantes e desde ese momento empezou o prazo de 9 meses, aprazable en 3 máis, para poder recoller as 500.000 firmas coas que a iniciativa podería ser debatida no Congreso. E a cousa anda camiñando por aí, á espera de que poidamos acadar esa cifra. Do que se trata en realidade é de modificar a disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 4/2000, para que o goberno, mediante Real Decreto, estableza en 6 meses un procedemento para a regulación dos estranxeiros que se atopen en territorio español antes do 1 de novembro do 2021» (ver información detallada ao respecto en esenciales.info).

Isto en si mesmo xa ten a súa importancia. Pero tamén nos pareceu relevante que, desde a Comisión Episcopal para a Paz Social e a Promoción Humana da CEE, o Departamento de Migracións, dirixido por Xabier Gómez OP, manifestase o seu apoio a esta iniciativa, despois de recoñecer que a realidade actual de moitos inmigrantes forza a exclusión máis ca

a inclusión, que tamén Cáritas valora e apoia a proposta, e transmite esta decisións aos demais Secretariados da CEE que teñan que ver co asunto para que discirnan e, no seu caso, a apoiem tamén. E cita, para empuxar a iso, unhas palabras dos bispos responsábeis da Subcomisión de Inmigracións e Mobilidade Humana nunha mensaxe con motivo da Xornada Mundial do Inmigrante e do Refuxiado do 2021:

«Temos a tarefa de axudar a recrear o modelo de cidadanía que propicie unha cultura da integración que, ademais, aprenda a globalizar a responsabilidade de vivir xuntos nesta casa común. A saída é incorporar aquilo ao que *Fratelli Tutti* invita: «unha mellor política, política posta o servizo do verdadeiro ben común» (FT 154).

Logo todo circulou por aí como que a CEE invitaba a sumarse a esta recollida de firmas, cousa que é certa na medida que se desprende do que acabamos de sinalar. Pero moi ben que figure coma cousa de toda a CEE, non lle fai mal, ao revés.

5.- Apartheid contra o pobo palestino en Israel

Estámonos queixando da prepotencia rusa contra Ucraína en forma de guerra inxusta para acadar o control do presente e do futuro de todo un país, que debería ser libre, e igual non reparamos en que con frecuencia as grandes potencias mundiais exercen como tales xogando cos dereitos de nacións «menores». Xa é significativo o feito de que cinco países teñan dereito de veto nas máis decisivas resolucións da ONU; e aínda é máis significativo, e mesmo escandaloso, que eses cinco países sexan os maiores produtores de toda clase de armamento, que venden, xaora, para engordaren eles á conta da miseria que con tanta arma se produce no mundo. Pero sobre todo habería que ter en conta as sucesivas intervencións de EE.UU en Vietnam, en Irak, en Afganistán, ou as de grupos de países en Libia, Siria etc, movéndose, ao que logo se vai vendo, máis por propios intereses económicos, xeoestratéxicos ca por verdadeira busca da paz e da xustiza nas respectivas nacións agredidas. Renegamos,

e con razón, de Rusia pola presente invasión, pero do entorno americano-occidental teñen xurdido invasións, cambios violentos de gobernos lexítimos e toda clase de atropelos sen que se nos abra a mente e encolla o corazón.

Unha mostra escandalosa de todo isto é o Informe de Amnistía Internacional, publicado o 1 de febreiro pasado cun título moi expresivo: «O *apartheid* israelí contra a poboación palestina. Cruel sistema de dominación e crime de lesa humanidade». Conforme declarara no seu momento o primeiro ministro israelí Benjamín Netanyahu: «Israel non é un estado de toda a súa cidadanía (...), senón o estado nación do pobo xudeu e unicamente deste», e como tal se comporta, negándolles aos palestinos a cidadanía e os dereitos dela derivados. Un *apartheid* claro e potente, que se manifesta logo nos dous puntos que denuncia ese informe de 280 páxinas: 1. Israel exerce o *apartheid* co pobo palestino e é responsable de tratalos coma un grupo racial inferior. 2. En consecuencia sucédense prácticas inxustas como apropiación de

terras, execucións ilegais, desprazamentos forzados, detencións administrativas en base a «probas secretas», negación de nacionalidade e de cidadanía..., que nos están falando de «un *apartheid*, un crime contra a humanidade.

Ante isto Israel deféndese falando de antisemitismo e mesmo dunha conxura terrorista na mente de quen denuncia esas situacións. Ben o sabe a voluntaria pro palestina española Juana Ruiz, que traballaba como coordinadora de proxectos dos Comités de Traballo para a Saúde, unha ONG palestina; foi condenada a 13 meses de prisión acusada de apoiar o FPLP, organización considerada terrorista por Israel, a Unión Europea e EE.UU.

E todo o mundo nos cruzamos de brazos ante tanto abuso, porque quen o exerce goza da protección dun país poderoso. Parece que todo vale mentres non nos afecte directamente. O informe, digno de ser lido na súa integridade, pide que o Consello de Seguridade da ONU imponha un embargo de armas a Israel, que conxele activos ás autoridades israelís

e outras sancións, e que «Israel desmantele o sistema do *apartheid* e comece a tratar os palestinos como seres humanos cos mesmos dereitos e dignidade».

Pero nada disto se fará, por desgraza. O das dúas varas de medir é cousa vella, cousa perversa. E así nos vai.

6.- Por fin unha auditoría externa

Case ninguén entendía a resistencia da CEE a encomendar a algún equipo de persoas que garantisen eficacia e a rapidez unha investigación seria, a fondo, en España, da realidade da pederastia, dos abusos de poder vinculados cos abusos sexuais. Urxíao fundamentalmente a dor das vítimas, necesitadas dun recoñecemento, dunha xustiza restaurativa, dun resarcimento. As reticencias amosadas, a busca de razóns diversas que xustificasen esa negativa non facían senón botar unha sombra de sospeita sobre os propios bispos, e con eles sobre o conxunto da Igrexa española.

E houbo a proposta dunha comisión parlamentaria por parte dalgúns grupos políticos;

e houbo a proposta feita polo PSOE e o PNV de encargar esta tarefa a un equipo non parlamentario dirixido polo Defensor do Pobo, Ángel Gabilondo; esta foi aprobada o 10 de marzo no Congreso por todos os grupos políticos, agás VOX; e houbo un escrito firmado por unha chea de asociacións, comunidades, colectivos de persoas cristiás de todo tipo e de persoas individuais solicitando da CEE unha resposta institucional colectiva, que superase o modelo diocesano co que se pretendía dar saída a esa urxencia.

A demora parecía depender, disque, da resistencia dun número determinado de bispos que non o tiñan nada claro, e non se quería tomar unha decisión que abranguese todo o bispado sen que todo o bispado estivese de acordo, aínda que só fose por aquilo de respectar a autonomía de cada bispo que lle vén recoñecida polo mesmo CDC. Polo demais, dentro das razóns ofrecidas en conversas non oficiais, recoñecía-se que toda esa realidade víase tradicionalmente na Igrexa case que como un problema só moral, de pecado, de confesión, sometida á penitencia eclesiástica, que

podía consistir en oracións, penitencias, retiro temporal nun mosteiro, suspensión por un tempo da actividade pastoral, coa esperanza de que houbera un arrepentimento e así poder retomar funcións anteriores no mesmo lugar ou noutro por aquilo de suavizar o posible escándalo. E de todo isto, que era un problema moral do causante, moitas veces nin se tomaba nota en arquivo algún. Era bastante corrente que as cousas se agochasen, porque era algo nefasto para a persoa en concreto e mesmo para a institución eclesial. As vítimas non contaban neste proceso para ningún tipo de resarcimento. E algo ou moito disto pode saír á luz e sinalar a determinadas autoridades relixiosas que dalgunha maneira con este sistema acababan encubriendo os que agora dicimos delinquentes e ignorando as vítimas. Cousa todo isto que, cómpre dicilo, ata hai uns 40 anos non desentoaba demasiado coa cultura moral do ambiente, o que non escusa para nada a apreciación liviá destes feitos na Igrexa, que si colocaba o uso do sexo, debido e/ou indebido, no listón máis alto da conciencia moral dunha persoa.

Pero, por fin, parece que as resistencias foron vencéndose e, cando xa ninguén o esperaba, veu o anuncio feito o 22 do 2 do 22 en avultada rolda de prensa presidida polo Presidente da CEE Juan José Omella e o avogado Javier Cremades, co que se comunicaba a decisión de levar a cabo unha investigación independente dos abusos sexuais na Igrexa española, ata o final e no prazo dun ano, investigación que constará tamén dun estudo histórico e dunhas indemnizacións ás vítimas no que se considere de xustiza. Quen levará a cabo este estudo encargado e pagado pola CEE será o bufete Cremades&Calvo-Sotelo do que Javier Cremades é presidente e fundador. Un bufete potente cuns 230 avogados en nómina que parece gozar dun merecido prestixio. A investigación deste bufete, aínda que independente, colaborará coa Comisión presidida polo Defensor do Pobo, que era unha opción que tampouco non desagradaba ao bispado, por aquilo de evitar no posible unha politización de todo o asunto.

Parécenos algo aventurado afirmar que nun ano se vai resolver todo o asunto. Entende-

mos que se refire a un primeiro achegamento. Os procesos de acompañamento ás vítimas sobre todo teñen as súas complicacións, os seus tempos, que non se levan a cabo así como así. E, visto desde a perspectiva de moitas vítimas, o feito de que o presidente deste bufete e o responsable último desta investigación sexa un numerario do Opus Dei verte unha sombra de dúbida sobre a súa imparcialidade, mentres que para a CEE seguro que é un elemento que xera confianza. Tamén se queixan as vítimas de que ninguña delas fose invitada a se integrar nesta investigación. Os feitos irán esclarecendo ou non estas dúbidas e permitindo comprobar se realmente as vítimas se integran ou non no proceso de investigación aínda que sexa subíndose ao coche en marcha pola escaleira de atrás, como faciamos de pequenos cando a «línea» pasaba polos nosos pobos.

Empeza moi posiblemente unha etapa coresmal para a Igrexa española. Haberá moitas condenas. Haberá moita xente con pedras na man disposta ao linchamento. Pero poida que haxa tamén quen diga: «O

que estea sen pecado que tire a primeira pedra». E seguramente escoitaremos tamén a voz cálida, fonda de quen, sen rebaixar gravidades e todas as súas consecuencias delituosas, ouse asegurarnos: «Vaite en paz. Non peques máis»(cfr. Xn 8, 1-11). O delincuente adoita ser unha vítima da súa propia inconsistencia persoal (dicir maldade paréceme cando menos arriscado, e a vós non?, aínda que algo diso poida que haxa) e moitas veces tamén vítima da institución que o acolleu, formou, promoveu. E tamén el precisa atención sabia, lúcida, xenerosa. Moito nos queda que rascar! A todos, de dentro e de fóra. Oxalá saibamos facelo con decisión e moita humanidade, que é o que Deus quere, penso eu, vaia.

7.- Retomando o Camiño

Bo foi que o Papa Francisco acordase alongar o Ano Santo compostelán durante 2022; aínda con esas coidamos que a afluencia de persoas en peregrinación vai ser moito menor do acostumado. Nós, que vivimos mesmo á beira do camiño norte, estámolo comprobando

día a día ata o presente. É moi posible que a primavera e o verán esperten as ganas de botarse a andar.

Mentres e non, entre os días 22 e 26 deste marzo que está asomando ríspeto, celebrábase en Santiago o XII Congreso Internacional de Estudos Xacobeos, promovido polo Comité internacional de expertos do Camiño de Santiago. Son congresos que se veñen celebrando desde o ano 1993, normalmente coincidindo co Ano Santo. o correspondente a este ano leva por título «Santiago de Compostela: camiño do saber, do andar e do crer». Téntase analizar o estado da peregrinación xacobeá das últimas décadas en tres apartados fundamentais: o saber da investigación, o andar das redes de itinerarios e hospitais e o crer da espiritualidade e devocións do camiñante; e ao tempo encadrar o fenómeno xacobeo nunha perspectiva máis ampla e comparalo con outras peregrinacións desde unha visión intercultural e multiconfesional propia da Historia Global.

Oxalá sirva para poñer verdade e simplicidade evanxélica

e verdadeira calidade humana e cultural en sentido amplo dentro dun fenómeno que xa naceu tamén nun marco plural, onde se mesturaban fe e intereses diversos, entre os que os económicos e os de poder nunca foron algo secundario e residual.

Dentro das peregrinacións, un acontecemento extraordinario é o que se chama a PEJ (*Peregrinación Europea de Jóvenes*) ou PEM (Peregrinación Europea da Mocidade) en galego. Levarase a cabo este ano entre os días 3-7 de agosto. Esta peregrinación impulsouna o papa Xoán Paulo II cando veu a Santiago no ano 1989, e desde aquela vense repetindo sempre que se celebra un Ano Santo. Durante eses días, mozos e mozas asistentes participan nunha serie de actividades (catequeses, encontros de oración, debates, concertos de música relixiosa, Eucaristías, lecer...), que enchen practicamente todas as xornadas. Hai diferentes maneiras de participar nesta peregrinación da mocidade: indo en peregrinación, apuntándose como voluntario para axudar a unha boa organización dos actos, e parti-

cipar nas diferentes actividades que se levarán a cabo en Santiago e noutros lugares e pobos de Galicia.

Pode haber mozos e mozas que se sumen con gusto a estas propostas. Certo que, estando como estamos na Terra de Santiago, onde culmina o camiño que leva onda o seu suposto sepulcro, aínda nos custa entrar na dinámica da peregrinación. Ata non hai moitos anos, peregrinar a Santiago non entraba no catálogo do devocionario relixioso galego, como si o están —e con que forza aínda!— o ir en romaxe a calquera dos moitos santuarios que poboan a nosa Terra. Agora imos empezando, pero o espírito de fondo non cadra co noso estilo tradicional, que é de contactos directos, de tocar, bicar, ser tocado polo santo e pasear con el nalgunha figura que o represente, encontrarse, comer, bailar, barullar... Santiago faise para nós demasiado grande, demasiado ordenado, pouco familiar, pouco apegado ás necesidades concretas polas que poidamos estar pasando. Porque en realidade, para que mal do corpo ou do espírito, da xente ou dos animais, é avogoso Santiago?

Temos comprobado en ocasións que o paso da xente que peregrina, as súas andanzas espirituais, cando se lle dá oportunidade de expresión e de compartir, chaman a atención, e, quen sabe!, mesmo poden esperar maneiras novas de vivir as nosas devocións, a nosa fe. Damos espazo físico, acollida, servizos, boa palabra, e igual, buscando de entrada soamente compensación económica, acabamos quedando tocados por unhas vidas que alteren as nosas rutinas relixiosas que moitas veces tampouco nos acaban de convencer. Deus dirá.

8.- Coas mulleres revoltosas

Confeso que non participei en ningunha marcha feminista. No o fixen polo 6 de marzo, domingo, cando as da «Revolta das mulleres na Igrexa» se concentraron diante das catedrais dun bo número de cidades españolas –en Galicia fixérono en Vigo e Santiago–, baixo o lema «Ata que a igualdade sexa costume», e «Na Igrexa con voz e voto». Si que lin o seu manifesto, claro, cálido, esixente, implicado, nos seus catro apar-

tados: Vimos de lonxe, Somos moitas, Dicimos abonda xa! e Imaxinamos e construímos unha Igrexa nova. Gustoume moito. Recomendo a súa lectura e meditación. Sentínme afectado, convocado. Nesas andamos.

Tampouco asistín a ningunha das moitas manifestacións feministas do 8 de marzo, en casos unitarias, en casos divididas por mor da lei *trans* e da demanda de prohibición da prostitución. Tamén me sentín afectado e convocado. O camiño por andar é enorme. Enorme e difícil. Nisto, como p. e. no tema da violencia bélica que estamos vivindo, podemos tranquilamente desandar percorridos nun chiscar de ollo. Sinais hainos. A mente humana é capaz de moitos imposibles, a todos os xeitos.

A miña homenaxe especial consistiu en rezar e compartir un pequeno agradecemento por tantas mulleres que me fixeron e me fan, e en ir visitar unha pequena igrexa parroquial, a de Santa María Magdalena d'A Graña de Vilarente, en Abadín, na que desde hai un par de meses colaboro con

certa responsabilidade. Quixen visitala por ser María Magdalena a patroa da parroquia; por ter unha talla preciosa, feita hai uns 75 anos, aínda que cos atributos da santa penitente por pecadora e prostituta (a caveira aos pés e na man o frasco cos perfumes dos que se fala en Lc 7, 36-50), prostituta que non foi, e si muller ao que parece algo ou bastante «desestruturada» diríamos hoxe (ata sete malos espíritos a acompañaban!, segundo Lc 8, 2), que en Xesús de Nazaret atopou agarimo, dignidade e futuro. Quixen visitala tamén porque, aínda que patroa da parroquia, 22 de xullo, o padroado e lide-rado foille arrebatado a favor da Virxe do Rosario, e non por culpa desta, pobriña, senón quizais pola idea, sabe Deus de quen, de que tiña o seu aquel honrar por patroa unha muller prostituta, por máis que arre-pentida; e porque quería pro- testar diante dela polo feito de que ao redor do sexo feminino, gozado ou cobizado, se teña montado tanta desfeita entre as mulleres e no conxunto da Igrexa e de toda a sociedade. E o que é factor de fusión igualita- ria, amorosa, se teña convertido

en dominio prepotente, egoísta. Pedinlle desculpas. Supliqueille xenio para medrar en respecto, admiración e agradecemento polas mulleres, e prometinlle esforzos para restaurar a súa figura e o seu padroado e lide- rado. Así, ata que a igualdade sexa costume.

9.- Ditos e feitos do papa Francisco

O papa Francisco estanos ofrecendo constantemente palabras, xestos, decisións, feitos que nos sorprenden, que nos descolocan ás veces, que nos empuxan sempre a vivir con máis densidade a nosa condi- ción cristiá, abrindo esta á rea- lidade social, política, que en cada momento estamos a vivir. Por algo está á fronte dunha Igrexa na que todos nos debe- mos ao mundo. Somos para o mundo, para a vida do mundo. Algo polo menos como o foi o noso Irmán maior Xesús, o Cristo.

Sorprendeunos, xa o dixemos, a súa vontade de impli- car o Vaticano como mediador entre Rusia e Ucraína, e en xeral está sempre en primeira liña para alertarnos de cal-

quera circunstancia vexatoria que afecte sobre todo a xente e a países máis fráxiles, máis marxinais. E moito llo agradece-mos.

Desta volta chamounos a atención por unha banda a modificación do CDC a través dun *motu proprio* (algo así coma un Real Decreto no campo político), para darlles aos bispos competencias que ata o de agora se reservaba a Santa Sede, aínda que manteña o requisito de confirmar as propostas. E isto en temas tan importantes p. e. como a formación sacerdotal e a redacción dos catecismos en cada país. Recordamos con mágoa o doloroso percorrido do innovador e, ao noso ver, estupendo Catecismo Holandés do ano 1966, proscrito daquela polo Vaticano, feito que supuxo para a Igrexa holandesa unha labazada que a deixou fondamente mancada ata o presente. E a cousa remataría coa edición da «Catecismo da Igrexa Católica» xa no ano 1992, co que se cortaban as ás dunha lexítima diversidade católica nese eido, que agora, parece, se quere facilitar. Porque diso se trata, de simplificar e axilizar procesos, para ser máis Igrexa

católica, é dicir, Igrexa que normaliza a adaptación a cada realidade cultural, que implica moito máis ca unha simple tradución lingüística. Catolicidade ben entendida, como prevención ante o centralismo que uniforme e pode asfixiar.

Do Papa Francisco subliñaríade ademais o seu discurso de apertura no Simposio Vaticano sobre o Clero, que tivo lugar en Roma os días 17-19 de febreiro baixo o lema «Cara a unha teoloxía fundamental do sacerdocio», no que se abordaron tres temas básicos: a) Tradición e novos horizontes, b) Trindade, misión, sacramentalidade, c) Celibato, carisma, espiritualidade.

No discurso inaugural o papa ofreceu un relato sinxelo, cálido, bastante biográfico sobre a vida sacerdotal ao redor destes catro achegamentos que, ao seu ver, non poden faltar na vida do cura: Achegamento a Deus, ao bispo, aos irmáns curas, ao pobo. Recoillo polo demais este parágrafo sinxelo, e ben actual: «a Igrexa é lenta –e é evidente–, pero gustaríame pensar que é a lentitude de quen decidiu camiñar en fraternidade». Tamén a nós nos gustaría que así fose.

Sobre o celibato, que se abordaba como un lóxico asunto primordial, pesou o dito do papa: «É un don que a Igrexa latina custodia». E non hai ao redor disto un signo dos tempos que suxire algunha modificación no xeito de custodiar ese don? Convertelo en condición imprescindible para ser cura, para ter «poder» aínda que sexa de servizo, é a mellor maneira de protexelo?

Houbo quen se estrañou de que o papa non aludise ao tema dos abusos sexuais, por máis que xa o cardeal Marc Ouellet nas palabras de presentación pedise perdón polo mesmo. E houbo tamén quen non entendeu para nada a presenza entre os asistentes do sacerdote francés Tony Anatrella, condenado no seu momento por abusos a seminaristas que participaban en procesos de cura de homosexualidade, nos que o tal sacerdote mediaba como experto. E aínda se seguen a investigar novos casos nos que puido delinquir. En fin, cousas que non cadran e espertan dúbidas.

E por último o Xubileu da Esperanza. Anunciouno o papa por escrito o 11 de febreiro.

Será para o ano 2025 e terá como obxectivo fortalecermos na esperanza despois da forte sacudida internacional debida á aceda experiencia da Covid-19, da que empezamos a falar xa algo en pasado, pero da que herdamos consecuencias penosas, sobre todo, como pasa sempre, para a xente máis desprotexida.

E se o clamor pola esperanza urxía coa historia da Covid-19, canto máis non urxirá pola posterior invasión de Ucraína por parte de Rusia, que deu pé a unha demolición da primeira, que afecta e conmociona a todo o mundo a diferentes niveis, e que nos inxecta unha desconfianza indescribible sobre a capacidade do ser humano para convivir se non é sobre as bases do poder e do asoballamento.

«Peregrinos da Esperanza», así con maiúscula, ese será o lema. A Esperanza redonda, potente, esa que os seres humanos nos non somos quen de nos ofertar. A Esperanza que se nos dá como don e tarefa por graza de quen está eternamente asentado no amor, no respecto, na non violencia, no pracer de convivir connosco na Casa Común.

Naceron os xubileus cristiáns en 1300 da man do papa Bonifacio VIII coa idea de seren celebrados cada 100 anos; logo pasouse ao período máis bíblico dos 50, e logo aos 25. Agora a periodicidade depende da decisión do papa que os convoca. O último celebrouse en 1987 como ano santo mariano. Certo que nos dá non sei que isto de estar constantemente anunciando e celebrando efemérides extraordinarias, multitudinarias, amoreando plans, obxectivos e medios que logo escasamente se poñen en práctica. Aos poderes públicos encántanlles, porque mobilizan a xente e aos cartos que portan. Quizais, é certo, necesitamos de cando en vez algunha sacudida excepcio-

nal. A Esperanza si que nos fai falta. Pero coidamos que son as fidelidades cotiás as que mellor nola defenden. Son os comportamentos solidarios, como p. e. a acollida xenerosa dos millóns de desprazados ucraínos, os que mellor nolo garanten. Son as persoas máis humildes, desde abaixo, as que mellor a sosteñen.

E máis nada por hoxe. Por diante a Coresma, a Semana Santa, a Pascua, o soño dunha nova vida. Que da man de Xesús, o Cristo de Nazaret, poidamos facer o noso percorrido pascual na Casa Común, dentro e fóra das comunidades cristiás. Venturosa Pascua, amigas, amigos.

Manuel Regal Ledo